



Certame de moda para Deseñadores Noveis

Jose Castro

Periodo
de inscrición

do

**12 de
maio
2026**

ata

**1 de
xullo
2026**

Bases na Web: www.caniza.org

**ORGANIZA: ASOCIACIÓN
CULTURAL E ARTÍSTICA
JOSE CASTRO**



COLABORA
**CONCELLO
DACAÑIZA**

I. OBXECTIVO

O **Certame de moda para Deseñadores Noveis “José Castro”** xorde co obxectivo de potenciar e facer visible o traballo dos novos deseñadores emerxentes dentro do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

II. PERSOAS BENEFICIARIAS

O concurso vai dirixido a persoas de calquera nacionalidade empadroadas en calquera dos municipios da Comunidade Autónoma de Galicia con idades comprendidas entre os 18 a 35 anos de idade ou estudantes non galegos que cursaran o derradeiro ano nalgún centro galego.

III. CATEGORÍAS DO CERTAME

CATEGORÍA ÚNICA

Haberá unha única categoría

IV. REQUISITOS DAS PROPOSTAS

Todas as propostas presentadas ao primeiro **Certame José Castro** deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Cada participante presentará un portfolio con catro propostas de deseño a cor **masculinas ou femininas**.
- Portfolio, asinado mediante pseudónimo, acompañado de 4 ilustracións ou bocetos a cor, coas súas correspondentes prendas en plano, memoria descritiva, mostra de materiais e “panel conceptual”. Asemade pódese achegar xunto as propostas de deseño, a inspiración das mesmas, carta de cor e tecidos e outros datos considerados polo participante de interese para a valoración deste. O portfolio contará na portada do mesmo co nome para referirse á colección.
- Pódense achegar tamén fotografías que ilustren a colección.
- Os participantes presentaran o portfolio en alomenos un formato co tamaño mínimo DIN A-4
- O tema de inspiración será libre
- A colección gañadora terá que desfilan no *Desfile de moda do XV Curso de deseño e patronaxe do deseñador canicense Cristóbal Vidal*, que terá lugar o sábado 26 de setembro de 2026 no Auditorio Municipal do Concello da Caniza para o cal terá que achegar a música que acompañará á mesma durante o devandito desfile. Esta achega musical deberá ser consensuada coa organización, reservándose esta o dereito de realizar suxerencias e modificacións no caso de non considerarse adecuado.
- Os deseños presentados no poden ter sido premiados noutro certame. De igual forma as coleccións presentadas no poden ter sido publicadas en editoriais especializadas.

V. DOCUMENTACIÓN E PRAZO

O prazo de inscrición e presentación das propostas comprenderá dende o o día **12 de maio de 2026 ao 1 de xullo de 2026**.

Presentación da documentación:

-A través de correo electrónico:

A documentación necesaria para a participación na primeira edición do **Certame José Castro** poderá ser presentada a través do email: asociacionjosecastro@gmail.com. Só se aceptarán as propostas recibidas na dita dirección de correo antes das **23.59 h do día 1 de xullo de 2026**.

-Mediante correo postal ao seguinte enderezo:

ASOCIACIÓN CULTURAL E ARTISTICA JOSE CASTRO
Lugar do Burgo nº 1 Oroso- 36885-A Caniza (Pontevedra)

Documentación requirida:

- Portfolio tal e como se explicita no punto IV.
- Documento nacional de Identidade ou documento acreditativo equivalente, pasaporte o NIE.
- Volante de empadramento en calquera municipio da Comunidade autónoma galega.
- Currículum Vitae.
- Declaración xurada de que os deseños presentados son inéditos. **Anexo nº1**
- Formulario **Certame José Castro** cuberto. Especificando nome da colección presentada, pseudónimo empregado, teléfono e un email de contacto. **Anexo nº2**.

Se se envía a través de correo postal, toda esta documentación deberá entregarse en dous sobres:

Sobre A:

No exterior do mesmo deberá indicar “sobre A + pseudónimo”

No interior debe de incluírse:

-Solicitud de participación (Anexo II) segundo o modelo que se achega a estas bases.

-Documentación acreditativa da identidade do solicitante (DNI, NIE u otros).

-Currículo do/a autor/a .

-Declaración xurada (Anexo I).

Volante ou certificado de empadramento en calquera municipio de Galicia.

Sobre B:

No exterior do mesmo deberá indicarse “sobre B +pseudónimo e nome da colección”

No interior:

-Conterá a memoria seguindo os requisitos do apartado IV destas bases.

Se se envía a través de correo electrónico:

Terán que enviarse en seis arquivos separados

- 1) Portfolio, seguindo os requisitos do apartado IV destas bases. Este arquivo que ten que levar como nome o pseudónimo e o nome da colección.
- 2) Volante de empadramento en calquera dos municipios de Galicia.
- 3) DNI
- 4) Curriculum Vitae
- 5) Anexo I
- 6) Anexo II

VI. CRITERIOS DE VALORACIÓN

O concurso José Castro promove a visibilización dos novos deseñadores de Galicia. Para isto o xurado centrarase en premiar a innovación, a calidade, a creatividade, a profesionalidade e a sostibilidade das propostas.

VII. XURADO

A composición do xurado do “1º *Certame de deseñadores noveis José Castro*” publicárase despois da finalización do prazo de inscrición o día **2 de xullo de 2026** na web www.caniza.org e asemade, comunicárase a todos os participantes no concurso nos seus respectivos correos electrónicos.

Os seus membros serán docentes acreditados do sector textil de Galicia. Constando dun mínimo de tres persoas , una das cales terá un labor de presidencia e representante da organización

VIII. PROCEDEMENTO E PRAZOS

- Dende o día **12 de maio de 2026 ao 1 de xullo de 2026** constitúese o período de inscrición a concurso e presentación dos dossiers.
- Do **2 de xullo ao 15 de xullo**, Terán lugar as xuntanzas nas que o xurado **seleccionará de todas as propostas presentadas, 10 coleccións/oufits como finalistas do certame.**
- O **12 de setembro** de 2026 as **10 propostas seleccionadas** deberán presentarse ás 20 h no Salón de Plenos do Concello da Caniza, sito na Rúa Oriente nº 11, onde, deberán presentar 2 outfits confeccionados, achegando ademais o soporte, “modelo” ou “maniquí”, para a celebración do acto. Unha vez presentadas todas elas ante o xurado, este ditaminará o gañador do concurso.
- Dende o momento en que se falla a decisión do xurado, o gañador/a do certame terá ata o **26 de setembro** para executar e perfilar as súas coleccións.
- A presentación pública, e a entrega efectiva do premio á colección gañadora, terá lugar o **sábado 26 de setembro** de 2026 ás 20 h no Auditorio municipal da Caniza dentro do Desfile de moda do “XV Curso de Deseño e Patronaxe” do deseñador Cristobal Vidal, onde o gañador/a do Certame terá que presentar dúas creacións.

- As coleccións non premiadas serán devoltas aos deseñadores/as e estarán a disposición da organización do **Certame José Castro** durante un periodo de seis meses para accións promocionais das mesmas, ou para accións que considere a organización.

IX. PREMIOS

A primeira edición do **Certame de deseñadores noveis “José Castro”** dotará ao gañador cun único premio de **1.000 €**

X. ACEPTACIÓN E ASPECTOS LEGAIS

A participación no concurso supón a total aceptación destas bases. Rexeitaranse aqueles proxectos que conteñan información dos seus autores ou non cumpran cos requisitos indicados anteriormente.

Os proxectos presentados son propiedade exclusiva dos autores. O certame de noveis deseñadores “José Castro” poderá reproducilos en redes sociais, páxina web, dossiers, envíalos a medios de comunicación, publicacións de prensa xeralista e especializada ou utilízaos en posibles exposicións ou outras accións promocionais vinculadas co certame durante o ano en curso.

+INFORMACIÓN

Tlf: +34 664 697 787

e-mail: asociacionjosecastro@gmail.com

Página web: www.caniza.org

**I CERTAME DE MODA PARA DESEÑADORES NOVEIS
"JOSÉ CASTRO"**

ANEXO Nº1

Eu, _____, declaro

que esta colección moda con nome _____ non
foi presentada, nin premiada en ningún outro certame, nin foi publicada nunha
editorial especializada.

Á súa vez declaro que as fotografías, planos, imaxes etc. presentadas nos
proxectos, contan co consentimento de reprodución e tamén das persoas incluídas
nas mesmas.

_____, de _____ 202...

Sinatura

I CERTAME DE MODA PARA DESEÑADORES NOVEIS
"JOSÉ CASTRO"

ANEXO Nº2

Nome e apelidos:		Pseudónimo:
DNI:		E-mail:
Enderezo:		Número teléfono:
Concello:	Provincia:	Código Postal:
Nome da colección:		

_____, ____ de _____ 202...

Sinatura